

## Resolución de la Alcaldía.

Que o día 29 de xullo de 2022, aprobábase as bases da convocatoria do posto de 1 peón obras públicas, para a contratación de persoal laboral temporal ao abeiro do Programa Fomento do Emprego de conformidade co Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2021.

Que con data 3 de agosto de 2022 publícanse ditas bases no boletín oficial da provincia de Lugo.

Que durante o prazo de presentación de solicitudes, non se presentou ningunha solicitude.

En atención ás consideracións anteriores, RESOLVO:

**PRIMEIRO:** Declarar deserto o procedemento de selección 1 peón obras públicas, para a contratación de persoal laboral temporal ao abeiro do Programa Fomento do Emprego de conformidade co Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2021, xa que non existen candidatos que presentaran solicitudes de acordo ás bases da convocatoria.

**SEGUNDO:** Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na páxina web [www.paradela.es](http://www.paradela.es)

coa advertencia que os interesados, contra a anterior resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Alternativamente poderase interpoñer recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á publicación do presente anuncio, ante o Alcalde-Presidente do Concello de Paradela, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas. Si se optara por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producirá a súa desestimación por silencio. Todo elo sen prexuízo de que poida exercer calquera outro recurso que estime pertinente.

**TERCEIRO:** Dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que se celebre.

E para que conste aos efectos oportunos, expido a presente, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, en Paradela na data da sinatura electrónica ao marxe.

O Alcalde,

A Secretaria-Interventora

Asdo: José Manuel Mato Díaz

Asdo: Ruth López-Mosquera García

Documento asinado ao marxe electronicamente.

